

RESOLUCIÓN reitoral do 19 de xaneiro de 2026 pola que se publica a relación definitiva de solicitudes concedidas e denegadas para a organización de obradoiros no segundo cuadrimestre do curso 2025/2026 no campus de Pontevedra

De acordo coa base 10 da resolución reitoral do 3 de novembro de 2025 pola que se convocan as axudas para organizar os obradoiros de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo no segundo cuadrimestre do curso académico 2025/2026 e á vista do acordo da Comisión de Extensión Universitaria do 15 de xaneiro de 2026, esta reitoría

RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar e ordenar a publicación da listaxe definitiva das solicitudes concedidas e denegadas para a organización de obradoiros no segundo cuadrimestre do curso 2025/2026 no campus de Pontevedra (Anexo).

Segundo.- Aprobar a publicación da listaxe de agarda das solicitudes admitidas para que poidan ser ofertadas no suposto de que se produza a cancelación dalgunha das propostas concedidas. As condicións determinaranse na resolución posterior de publicación da oferta dos obradoiros do presente cuadrimestre (Anexo).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

A vicerreitora do campus de Pontevedra

Eva María Lantarón Caeiro

ANEXO

**Obradoiros 2C 25-26: Solicitudes concedidas definitivamente -
Campus Pontevedra**

Solicitante	Obradoiro proposto	Importe total
Fernández Sainz, Ignacio Nicolás	Mellora da Convivencia no deporte base	1.500€
Cartagena Sánchez, Miriam	Tailoring e experimentación	1.500€
Otero Rodríguez, Aroa	Formación docente para a inclusión: a aprendizaxe-servizo como metodoloxía transformadora	1.500€
Covelo Pérez, Marcos Alberto	Erro é ben	1.500€
Corbato Pérez, Román	Técnicas gráficas en 3D para o deseño de panos de seda	1.500€
Prieto Lage, Iván	Iniciación aos deportes de raqueta e pa: tenis e pádel	1.500€
Outeiro Ferreño, Eduardo	Modelaxe escultórica en arxila	1.500€

**Obradoiros 2C 25-26: Solicitudes en lista de agarda
Campus Pontevedra**

Solicitante	Título do obradoiro	Orde lista de agarda
Gutiérrez Sánchez, Águeda	Escalada en rocha	1
Miretti Oderiz, Federico Martín	Competencias directivas para a xeración actual. Xestión e oratoria	2
Abal Silva, Alberto	Introdución a 3D con Blender	3
Barreiro Rodríguez-Moldes, María Covadonga	Reproducción e seriado con moldes	4
Covelo Pérez, Marcos Alberto	Proxectos artísticos: desenvolvemento, deseño e proceso. 2026	5
Cartagena Sánchez, Miriam	Tufting Gun para principiantes	6

**Obradoiros 2C 25-26: Solicitudes denegadas definitivamente
Campus Pontevedra**

Solicitante	Título do obradoiro	Motivo de exclusión
Covelo Pérez, Marcos Alberto	Proxectos artísticos: desenvolvemento, deseño e proceso. 2026	Por concesión da súa solicitude para o obradoiro Erro é ben
Barreiro Rodríguez-Moldes, María Covadonga	Reproducción e seriado con moldes	Entre as propostas do seu ámbito foron concedidas outras que acadaron mellores criterios de avaliación.
Gutiérrez Sánchez, Águeda	Escalada en rocha	Entre as propostas do seu ámbito foron concedidas outras que acadaron mellores criterios de avaliación.
Abal Silva, Alberto	Introdución a 3D con Blender	Entre as propostas do seu ámbito foron concedidas outras que acadaron mellores criterios de avaliación.
Cartagena Sánchez, Miriam	Tufting Gun para principiantes	Por concesión da súa solicitude para o obradoiro Tailoring e experimentación
Miretti Oderiz, Federico Martín	Competencias directivas para a xeración actual. Xestión e oratoria	Entre as propostas do seu ámbito foron concedidas outras que acadaron mellores criterios de avaliación.